



REGULAMENTO

O torneo 3x3 Insectos está organizado polo Club Baloncesto Caselas coa colaboración do Concello de Salceda de Caselas e as EDM.

Celebrarase o día 31 de agosto no Pavillón Municipal de Salceda de Caselas a partires das 16:30.

Inscricións:

As inscricións poderán realizarse entre o 01/08 e o 26/08 polas seguintes canles:

- Online. A través do seguinte formulario
<https://goo.gl/forms/MTBvFDq75Gh2m9FM2>.

O pago da inscrición realizarase por ingreso ou transferencia a conta de Abanca número ES04 2080 5060 1030 0012 5289 indicando no concepto a **nome do equipo e móvil de contacto** xa que do contrario non poderemos identificalo pago.

De ser posible achegar por mail o xustificante do ingreso/transferencia para axilizala inscrición.

Este ano os participantes recibirán como agasallo pola súa participación no torneo unha estupenda camiseta conmemorativa.

No formulario de inscrición solicítase a talla de cada un dos xogadores. **Esta talla poderá terse en conta para as inscrición realizadas antes do día 19/08, despois desa data a talla escollida non será vinculante.**

Toda a información estará dispoñible a través do [facebook](#) do Club Baloncesto Caselas e na [web](#). Poderase solicitar información ou resolver calquera dúbida no mail info@baloncestocaselas.com ou no whatsapp 675646761.

Regulamento Xeral:

1. A cota de inscrición será de 30€ por equipo.
2. Cada equipo terá un mínimo de 3 xogadores e un máximo de 5.
3. Os equipos poderán ser mixtos.
4. Ningún xogador poderá participar en máis dun equipo.
5. A semana previa o torneo, darase a coñecer o calendario de partidos.

Regulamento de xogo:

1. O sistema de competición decidírase unha vez pechadas as inscricións dependendo do número de equipos participantes. Como mínimo compórase dunha fase previa e dúas eliminatorias.
2. Os equipos que se retrasen máis de 5 minutos sobre a hora de comezo do seu partido sen motivo e sen previo aviso a organización serán penalizados coa perda do partido cun resultado de 15-0.
3. Se o comezo do partido soamente están presentes dous membros do equipo disputarase o partido en inferioridade numérica. Se no transcurso do partido se incorpora outro membro do equipo, este poderá incorporarse o xogo.
4. A duración dos partidos será de 15 minutos, a reloxo corrido.
5. Se algún equipo alcanza os 15 puntos darase o partido por rematado.
6. No caso de empate o remate do partido os 6 xogadores que se atopen nese momento en pista terán que lanzar un tiro libre cada un e gañará o equipo que máis enceste. Se persiste o empate tralos 6 tiros, farase outra ronda a morte súbita, o primeiro equipo en fallar será o perdedor.
7. A primeira posesión determinarase por salto entre dous xogadores. As “loitas” suporán sempre a posesión de balón para o equipo que defendía nese momento.
8. As canastas terán un valor de 1 punto desde a zona interior ou tiro libre e 2 puntos máis aló da liña de triple.
9. Despois de canasta cambiará a posesión. O saque será libre dende fora da liña de triple.
10. En caso de tiro libre haberá rebote ou cambio de posesión.
11. Cando un equipo roube o balón terá que saír da liña de triple para comezar xogada.
12. Tódalas infraccións das regras xerais de baloncesto suporán o cambio de posesión.
13. Superadas as 5 falta de equipo, cada falta suporá un tiro libre para o equipo contrario a cargo do xogador que recibiu a falta.
14. Os cambios de xogador realizaranse sen parar o xogo. Deberán facerse tras canasta, falta, fora ou previo aviso o árbitro.
15. Recoméndase os equipos acudir os partidos con camisetas da mesma cor, de ser posible. No caso de que ambos equipos acudan con cores

similares, de modo que se entorpeza o xogo a organización facilitará petos.

16. No pavillón disporase de vestiarios e duchas, pero non de gardaroupa.

17. Disporase dun seguro deportivo para cubrirá os participantes no torneo.

Arbitraxes:

1. Na fase regular e clasificatoria, as arbitraxes serán realizadas un xogador de cada equipo que vaia xogar no seguinte partido.
2. Para os partidos de semifinais e final disporase de árbitros federados.

Dereitos e deberes da organización:

- A organización declina calquera responsabilidade sobre lesións producidas o longo dor torneo.
- A organización terá dereito a descalificar a calquera xogador ou equipo polas seguintes infraccións:
 - Uso de xogadores non inscritos.
 - Información falsa na inscrición.
 - Conducta antideportiva: pelexas, agresións, insultos,...
 - A non presentación a dous ou máis partidos.
 - A descalificación dun equipo implica a perda dos dereitos deportivos e non dará lugar a devolución da cota de inscrición.
- Trátase dun evento lúdico polo que se agarda un comportamento exemplar por parte dos participantes.
- Haberá premios en forma de trofeos para os 3 primeiros clasificados.
- Cabe a posibilidade de organizar, competicións de tiro, CAO, etc.
- Engadiranse tódolos premios que a organización poda conseguir.
- A organización resérvase o dereito a modificar ou ampliar este regulamento previo aviso os equipos implicados.
- A participación no 3x3 Insectos, organizado polo Club Baloncesto Caselas, implica a aceptación destas normas de competición.

Salceda de Caselas a 24 de xullo de 2019.

